

Películas

13 rosas rojas

Emotiva película baseada en feitos reais recollidos nunha novela de Carlos Fonseca na que trece mozas, militantes das "Juventudes Socialistas Unificadas", foron detidas un mes despois de rematar a Guerra Civil e, finalmente, fusiladas.



El niño con el pijama a rayas


Bruno é un neno de 9 anos fillo dun militar nazi.

El e a súa familia van vivir a Auschwitz a onde destinan ao seu pai. Desde a fiestra do seu cuarto ve unha rella que pecha a xente vestida cun "pixmap a raias" (xudeus prisioneiros). A través da rella coñece a

Shmuel, un neno que lle fai saber da historia da súa deportación e as terribles condicións de vida naquel campo de exterminio.

Las cartas de Alou

Alou, un senegalés de 28 anos, chega a España clandestinamente con outros africanos. Róuballe todas as súas pertenzas e non ten máis remedio que adicarse á venda ambulante. O seu único pracer son as cartas que lle envía á súa familia.



Algo de música

Podedes escoitar as seguintes cancións:

"El niño soldado" de SKA-P.

"A ronda do soldadinho" de Rui Lourenço.

"Bandera de manos" de Juanes.

"Color esperanza" de Diego Torres.

"What a wonderful World" de Louis Armstrong.

"Give peace a chance" de John Lennon

"Il y avait un jardin" de George Moustaki.

"Quand on n'a que l'amour" de Jacques Brel.

*Obrigáronme a disparar,
ensináronme como asesinar,
obrigáronme a mutilar
nun inferno terreal"*

(SKA-P)


A PROL DA PAZ
30 DE XANEIRO DE 2015

...porque os libros son as nosas ferramentas máis poderosas para erradicar a pobreza e construír a paz (Irina Bokova, Directora Xeral da UNESCO)



BIBLIOTECA ESCOLAR
IES MENDIÑO

Para o primeiro ciclo



Tristes armas. Marina Mayoral.

Durante a Guerra Civil Española, Miguel e Carmiña, combatentes no bando republicano, deciden enviar as súas fillas a Rusia para afastalas dos perigos da contenda. As nenas, Harmonía e Rosa, deben aprender a vivir afastadas da súa familia e da súa terra, e a

súa historia convértese nun claro exemplo do horror da guerra.

Recinto gris. Leticia Costas.


Nunha especie de mestura entre fantasía e realidade, a autora preséntanos a historia dunha meniña

que, debido á súa peculiar personalidade, é recluída pola forza nun recinto afastado da sociedade cando un exército de lobos irrompe na súa cidade, decidido a acabar con todas aquelas persoas que representan unha ameaza para a imposición da súa tiranía, polo seu comportamento ou polos seus dotes diferenciais.

Trátase dunha historia a prol da amizade e da loita contra a opresión.



Para o segundo ciclo



A Pomba e o degolado. Fina Casalderrey.

Unha emotiva historia protagonizada por André, un mozo que ten unha vida difícil, tanto na casa como no instituto. A través del, bateremos contra o acoso escolar, contra a dura vida dos inmigrantes, contra a soidade... Mais o amor ao seu avó, aos paxaros e á súa amiga Halima faranlle a vida un pouco máis doada e aprenderanlle que, na vida, paga a pena sempre ter confianza en alguén.

Poemas y canciones. Bertolt Brecht

Coidamos que as palabras de Jesús López Pacheco, escritor que versionou poemas e cancións deste grandísimo escritor alemán Bertolt Brecht a partir da tradución directa do alemán realizada por Vicente Romano e apoiado polo poeta José María Carandell, poden servir para presentarnos este interesantísimo libro : *"El campo de la poesía de Brecht lo constituyen la historia y el mundo enteros; hablan en ella campesinos y obreros de todo el mundo y de todas las épocas, y criadas, bandidos, soldados, perseguidos, exiliados, omerciantes, escritores... y Buda, Empédocles, Lao-tse, etc..."*



Para Bacharelato



Ruído. Relatos de guerra. Miguel Anxo Murado.

O autor preséntanos neste libro contos que tratan sobre a guerra e o comportamento das persoas en situacións límite. Está escrito a partir das propias vivencias do autor no conflito bélico da antiga

Iugoslavia, traballando el como corresponsal de guerra.



Detrás de los ojos. Graciela Fainstein

A autora relata neste libro a experiencia de alguén que loita para sobrepoñerse nun tempo de ditadura, logo

de ser arrincada da realidade dos inocentes. Mais a escritora non se queda na experiencia persoal; a través dela desvela o silencio compartido por toda unha sociedade.